Os principios metodolóxicos adoptados polos membros da Rede para a elaboración en común dos traballos terminolóxicos foron enriquecidos ao longo dos anos. Por unha parte, durante a IV Reunión de coordinación de Realiter (Barcelona, 14-16 de decembro de 1995). Logo, durante a IV reunión plenaria de Realiter (Lisboa, 13 de novembro de 2000).

I. Principios metodolóxicos do traballo terminolóxico

Considerando que expertos, representantes de organismos de terminoloxía de distintos países, reunidos en París en decembro de 1993, formularon os seguintes obxectivos para a súa realización pola Rede Panlatina de Terminoloxía :

Favorecer o desenvolvemento harmonizado das linguas neolatinas, habida conta da súa orixe común, de que teñen recursos análogos en canto aos sistemas de formación léxica e utilizan formante semellantes.

Establecer principios metodolóxicos comúns aplicables á realización dos produtos elaborados conxuntamente.

Elaborar traballos terminolóxicos multilingües conxuntos nas áreas de interese común que afectan á sociedade.

Considerando que a Rede Panlatina de Terminoloxía discutiu e seleccionou previamente un programa de establecemento de vocabularios ;

Os membros da Rede Panlatina de Terminoloxía adoptan os principios metodolóxicos seguintes :

1 Principios xerais.

1.1 Diversidade e igualdade lingüísticas.

Tendo en conta a diversidade das linguas faladas nos países representados na Rede, os traballos terminolóxicos efectuados no seo da devandita Rede deben reflectir esta diversidade lingüística, fundamentalmente dando ás diferentes linguas consideradas e cada unha das súas variantes, un estatuto de igualdade en cada proxecto.

1.2 Enfoque variacionista.

Nos traballos terminolóxicos efectuados no seo da Rede, tendo en conta os principios socioterminolóxicos que se derivan das tendencias actuais da terminoloxía, primará o enfoque variacionista. Este enfoque consiste en reflectir a variedade de usos e tradicións terminolóxicas das diferentes áreas xeográficas correspondentes a cada lingua de traballo

Dun modo xeral, esta orientación debe contribuír igualmente ao desenvolvemento harmonizado [1] dos tecnolectos [2].

1.3 Enfoque sistemático.

Os traballos terminolóxicos da Rede baséanse no enfoque sistemático, é dicir na estruturación dos conceptos en función dos tipos de relacións establecidas ou observadas entre os conceptos tratados e na súa definición sistemática, a cal deberá reflectir o sistema adoptado.

1.4 Traballo conxunto.

Os traballos terminolóxicos realizados no seo da Rede darán preferencia a calquera tipo de colaboración e, en primeiro lugar, á colaboración entre os terminólogos [3] de linguas e de países diferentes, os especialistas nas áreas consideradas nos traballos e os usuarios da terminoloxía.

Esta colaboración, indispensable para a calidade dos produtos terminolóxicos, debe existir en todas as etapas do traballo terminolóxico.

1.5 Calidade.

A Rede Panlatina de Terminoloxía adhírese aos principios xerais de calidade que cando se trata de terminografía, poden quedar definidos, dende o punto de vista do usuario, do modo seguinte :

- accesibilidade : O usuario debe poder atopar rapidamente a terminoloxía apropiada ás súas necesidades e adaptada ao nivel e á situación de comunicación precisos.
- actualidade : Calquera que sexa a área temática ou o campo de experiencia, o usuario debe poder utilizar unha terminoloxía actual.
- fiabilidade : O usuario, se se quere comunicar eficazmente, debe utilizar unha terminoloxía recoñecida polos seus iguais e polo medio profesional no que se integra.

2 Principios relativos ao traballo terminográfico práctico.

2.1 Sistema de conceptos.

O establecemento ou a adopción dun sistema de conceptos debe facerse segundo os principios e os métodos establecidos, fundamentalmente pola ISO, tendo en conta o obxecto elixido para o traballo terminolóxico e as necesidades dos usuarios. Un sistema de conceptos pode ser de tipo xerárquico (xenérico ou partitivo), non xerárquico (secuencial ou pragmático) ou mixto.

2.2 Nomenclatura.

A lista dos conceptos que se van tratar debe establecerse segundo as necesidades observadas ou manifestadas polos usuarios. A devandita lista pode establecerse por extracción dos termos dun corpus de textos que debe responder ás esixencias de representatividade, exhaustividade relativa e actualidade.

2.3 Definición dos conceptos.

A definición terminolóxica debe ser sistemática, é dicir debe reflectir o tipo de sistema ou de microsistema ao que pertence o concepto definido. A definición que estará constituída por un enunciado dunha soa frase, debe comprender, tanto a mención das características distintivas pertinentes, como a formulación das relacións que se establecen entre as devanditas características. Así e sen excluír outras formas posibles, nun sistema xenérico, a definición comprenderá unha referencia ao concepto superordinado e ás características específicas, mentres que nun sistema partitivo, a definición comprenderá un « descritor » tal como « parte de » (ou unha fórmula equivalente) seguido, por exemplo, da mención das características relativas á función do obxecto. Os datos conceptuais suplementarios consígnanse en notas técnicas aclaratorias.

O nivel técnico e a formulación das definicións deben adaptarse ás necesidades específicas dos usuarios.

2.4 Selección dos términos.

A selección de termos debe facerse, para cada lingua que se teña en conta, atendendo ao nivel de comunicación e o uso observado, tanto sexa o uso oficial, se é que existe, como o uso dominante entre os

usuarios aos que se destina o produto terminolóxico. As variantes nacionais ou rexionais (referímonos aquí a rexional como variante topolectal) para cada unha das linguas deben ser consignadas utilizando os indicativos de país ou de rexión. Hai que observar que, nalgunhas áreas, o feito de consignar estas variantes pode ser un elemento clave do traballo terminolóxico. Segundo as necesidades poderanse consignar igualmente as variantes socioprofesionais que convirá marcar axeitadamente.

As relacións de equivalencia terminolóxica entre as linguas consideradas baséanse no paralelismo entre as relacións termo(s)-concepto(s) establecidas para cada unha das linguas tratadas.

As observacións terminolóxicas, metaterminolóxicas ou lingüísticas consígnanse en notas explicativas. Estas observacións poden referirse a un uso particular, ao grao de sinonimia ou de equivalencia dos termos, ás marcas de uso, etc.

2.5 Datos terminolóxicos.

A selección dos datos terminolóxicos que se van presentar ao público dependerán das necesidades deste público e dos obxectivos que se perseguen cos traballos. Porén, os datos que se consignan habitualmente en terminoloxía son os que se citan a continuación (os que están marcados cun asterisco son obrigatorios e constitúen o contido mínimo dun vocabulario).

Para cada unha das linguas consideradas :

* Término principal
Sinónimo(s)
* Variante(s)
Derivados
* Indicativo de lengua
* Indicativo de país e/ou rexión (se hai variantes).
Abreviatura
* Area temática
Marca de uso
* Datos gramaticais
* Definición
Contexto
Datos fraseolóxicos
Nota(s)

* Fuente (de cada uno dos datos citados).

2.6 Presentación das obras terminolóxicas

2.6.1 Paratexto.

O paratexto deberá estar constituído por :

un prólogo dalgunha personalidade con prestixio e autoridade no campo de que se trata ;

unha introdución na que se expoñan os obxectivos da obra, indicando o público ao que se dirixe (nivel técnico, categoría socioprofesional, etc.) ;

a referencia das fontes primarias utilizadas para establecer a nomenclatura ;

a mención do tipo de colaboración existente no traballo (ver 1.4., Traballo conxunto) ;

os nomes e características do ou dos autores, ámbito de traballo, etc. ;

a mención do aval dun ou varios organismos con autoridade no campo da terminoloxía ou na área de que se trate (organismos de normalización, organización profesional, organización con vocación terminolóxica, etc.) ;

os índices que se consideren necesarios para a consulta da obra ;

a bibliografía das obras consultadas presentada segundo as normas bibliográfico/documentais vixentes ou xeralmente aceptadas.

2.6.2 Constitución das entradas.

A rúbrica ou entrada terminolóxica está constituída polo conxunto de datos terminolóxicos (ver 2.5.) que se xulguen necesarios en función das necesidades do público ao que se dirixe. Non obstante, os datos catalogados como obrigatorios deberán estar sempre presentes nas obras terminolóxicas que se elaboren no seo da Rede.

2.6.3 Presentación das entradas.

A colocación das entradas debe concibirse en función dos modos de consulta dos usuarios aos que se destina. Así, pode xulgarse que é preferible presentar as entradas en orde alfabética dunha das linguas tratadas, o que fará necesaria a presenza de índices alfabéticos en cada unha das outras linguas. Pola contra, se a obra terminolóxica vai dirixida a especialistas, poderá preferirse a presentación das entradas en orde sistemática, o que ten unha dobre vantaxe : non privilexiar ningunha das linguas tratadas e respectar a estrutura dos conceptos estudados. De todos os xeitos, os índices alfabéticos considéranse necesarios para a busca rápida dun termo.

A difusión das obras terminolóxicas en soporte informático elimina todos os inconvenientes e permite a explotación máxima dos datos terminolóxicos.

Bibliografía

Esta bibliografía limítase ás obras consultadas para a preparación da versión orixinal deste documento.

Pierre Auger y Louis-Jean Rousseau, Méthodologie de la recherche terminologique, col. “Études, recherches et documentation”, Quebec, Office de la langue française, 1978, 80 p.

M. Teresa Cabre, La terminologia, la teoria, els mètodes, les aplicacions, Barcelona, Editorial Empúries, 1992, 527 p.

Gisèle Delage y Joceleyn Lavoie, La terminologie dans les documents normatifs - guide de rédaction et de présentation, [Fascicule de documentation], Quebec, Bureau de normalisation du Québec, 1992, 29 p.

Loïc Depecker, Projet de charte d’attribution du label Rint aux dictionnaires ou glossaires du Réseau international de néologie et de terminologie, [documento inedito], 1994, 5 p.

Office de la langue française, Vocabulaire systématique de la terminologie, Quebec, Les Publications du Québec, 1985, 38 p.

Organisation internationale de normalisation, ISO 704 : 1987 Principes et méthodes de la terminologie.

Organisation internationale de normalisation, ISO 860 : (DIS) Harmonisation internationale des notions et des termes.

Organisation internationale de normalisation, ISO 1087 : 1990 Vocabulaire de la terminologie.

Organisation internationale de normalisation, ISO 10241 : Normes terminologiques : élaboration et présentation.

Réseau international de néologie et de terminologie, “Harmonisation des méthodes en terminologie, actes du séminaire”, Terminologies nouvelles, número 3, junio de 1990, 106 p.

Louis-Jean Rousseau, “Vers une méthodologie de la définition terminologique”, Langues et sociétés en contact, col. “Sonderdruck aus Canadiana Romanica 8”, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1994, p. 169-174.

Caroline de Schaetzen, La terminologie au service de la didactique des sciences. Rapport au ministère de l’Éducation de la Communauté française, Bruselas, 1993, 65 p.

II Tratamento dos anglicismos

Un anglicismo é un empréstito da lingua inglesa que utilizan os falantes doutra lingua. Pode estar máis ou menos integrado nunha lingua e a súa implantación pode ser maior ou menor nunha lingua que noutra. Para poder tratar os anglicismos presentes nas linguas latinas con certa flexibilidade, corresponde ao responsable dos grupos de traballo de Realiter, en colaboración cos participantes no proxecto, xulgar a pertinencia da inclusión de tal anglicismo. Dado que os anglicismos poderían ser moi numerosos en comparación cos termos das linguas neolatinas tratadas, débese gardar certo equilibrio entre o realismo imposto polo uso observado en documentos fiables e a consecución dun dos obxectivos principais de Realiter, que é o desenvolvemento das linguas neolatinas.

1 Tratamento do inglés

O inglés a miúdo revélase útil para o recoñecemento de certos conceptos tratados nos traballos terminolóxicos de Realiter. Esta lingua pode figurar nos documentos terminolóxicos de Realiter nas áreas temáticas nas que isto se considere necesario. Deberíanse ter en conta

nos traballos de Realiter, na medida do posible e nos casos en que existen documentos de carácter normalizado, os equivalentes na lingua inglesa recoñecidos nas publicacións da ISO (Organización Internacional de Normalización).

2 Validación dos traballos de Realiter

Os traballos de Realiter deben responder aos criterios de calidade comunmente observados en terminoloxía. Estes criterios, ademais dos enumerados nos principios metodolóxicos, son os seguintes :

a realización dos obxectivos iniciais do proxecto aceptado polo Comité da rede ;

o respecto aos prazos previstos ;

a aplicación dos principios metodolóxicos de Realiter Débese realizar un importante traballo de organización antes da posta en marcha dos traballos co fin de cumprir os compromisos adquiridos ante a asemblea de Realiter. Durante o desenvolvemento dos traballos é necesario que o responsable do proxecto e os grupos de traballo se poñan de acordo sobre certas cuestións de método para garantir a validez dos traballos en curso. Como puntos mínimos desta validación, pódense citar :

a preparación dunha bibliografía dos documentos consultados, que deben ser autoridade na área estudada ;

a ampla consulta aos expertos da área da que se trate ;

o recurso ás organizacións de recoñecida autoridade e representativas do sector do que se trate, especialmente asociacións profesionais e institucións de normalización.

A bibliografía e a lista dos principais expertos deberán figurar na presentación do produto final.

Co fin de que o Comité de Realiter poida xulgar con coñecemento de causa, remitiráselle un sucinto informe científico para que poida asignar a etiqueta Realiter ao documento final enviado á súa atención polo responsable do proxecto.

3 Marcas topolectais

enfoque variacionista elixido por Realiter leva a miúdo a engadir marcas xeográficas (chamadas topolectais) aos termos tratados nos traballos realizados no seo da rede. Este marcado debe ser flexible. O sentido dunha marca topolectal indica de xeito xeral, e salvo indicación contraria, que o termo é utilizado sobre todo (ou foi proposto) na zona xeográfica sinalada. Esta marca non é exclusiva, e o termo marcado pode circular ou ser utilizado noutras zonas da latinidade.

Texto proposto por Loïc Depecker (Université París III) e adoptado polos membros da Rede presentes na VII reunión de coordinación de Realiter (Roma, 26-27 de xuño de 1998).

III Elementos do prefacio ou da presentación estándar para os produtos de Realiter.

(proposta do Secretariado xeral de Realiter presentada durante a reunión de Bruxelas do 24 de novembro de 2001, modificada e adoptada despois das observacións formuladas na sesión)

A rede panlatina de terminoloxía (Realiter), creada en 1993, ten como obxectivo xeral favorecer un desenvolvemento harmónico das linguas neolatinas, habida conta da súa orixe común e do feito de que todas elas recorren a modos de formación léxica semellantes.

Os obxectivos específicos da Rede panlatina de terminoloxía (Realiter) son :

establecer principios metodolóxicos comúns aplicables á realización dos produtos elaborados conxuntamente ;

levar a cabo investigacións en común, reunir e crear ferramentas susceptibles de favorecer o desenvolvemento das linguas neolatinas ;

realizar traballos terminolóxicos multilingües conxuntos nas áreas de interese común ;

poñer en común os materiais documentais de referencia ;

favorecer a formación recíproca a través dos intercambios de formadores, de estudantes e de materiais didácticos.

Este produto foi elaborado en Realiter baixo a coordinación de...

/colaboraron nesta obra...
/en relación con Realiter, particularmente...
/recibiu a aprobación do Comité de Realiter.
É propiedade dos seus autores, a saber (os autores redactores ou os organismos)… Toda reprodución ou explotación debe ser solicitada ao editor deste produto, a saber...

Este produto tamén se difunde en soporte papel/
en soporte electrónico/
en Internet.

Para calquera información sobre Realiter : http///www.realiter.net

IV Elementos relativos aos criterios de calidade e de presentación estándar para os produtos de Realiter

(proposta da Secretaría xeral de Realiter presentada durante a reunión de Bruxelas do 24 de novembro de 2001, modificada e adoptada despois das observacións formuladas na sesión)

Os criterios mínimos de calidade esixibles para un produto Realiter son os seguintes :

En canto ao contido :

os termos propostos obteranse do uso real ; no caso contrario menciónase a proposta do autor.

a descrición dos termos debe ser, na medida do posible, precisa, especialmente no aspecto do seu uso xeográfico e do seu nivel de lingua ;

os termos correntes na normalización teranse en conta e daráselles preferencia na medida do posible ;

os produtos deben ser revisados, no plano do seu contido, por polo menos un especialista da área temática en cada unha das linguas ;

débese facer na introdución unha presentación do produto, explicando sobre todo a metodoloxía seguida e as necesidades ás que responde ;

achegarase ao produto unha bibliografía.

En canto á presentación :

farase mención da participación intelectual e, se corresponde, financeira, dos membros ou apoios de Realiter para o produto considerado ;

o logo de Realiter debe figurar na cuberta do produto ou nun lugar visible.

N.B. :

para calquera relación contractual cun editor, o Comité de Realiter e/ou a súa Secretaría deben ser informados ;

en caso necesario, poderán requirirse os servizos dun asesor xurídico para estudar o contrato ;

De todos os xeitos, non se poderá pedir a Realiter que sufrague un gasto sen o acordo explícito das partes.

Notes

[1]
Enténdese por harmonización a busca de correspondencia de termos, unidades fraseolóxicas e outras unidades, unhas con outras, tanto no seo dunha mesma lingua, coma entre as distintas linguas, tendo en consideración os fenómenos de variación (sinonimia, niveis de lingua, variantes xeográficas, etc.). En materia de neoloxía, a harmonización pode chegar ata a utilización das mesmas raíces e dos mesmos formantes.

[2]
Denomínase tecnolecto ao subsistema lingüístico utilizado nun campo de especialidade determinado e caracterizado por unha terminoloxía específica e por outros medios lingüísticos como o estilo e a fraseoloxía. Este concepto denomínase máis usualmente como lingua de especialidade, pero este uso criticouse (considerado como impropio).

[3]
Trátase aquí de especialistas en terminoloxía con formación lingüística, en contraposición aos especialistas das áreas estudadas.